



“Situación de colapso” do SEPE: falta de persoal, fallos informáticos e dobre lexislación

A CIG convoca concentracións en abril diante das Direccións Provinciais do SEPE

A CIG-Administración denuncia, unha vez máis, a “situación de colapso” na que se atopa o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Estamos a vivir o que vulgarmente se chamaría **“A tormenta perfecta”**, onde conflúen tres circunstancias:

- * Falta de persoal
- * Novas aplicacións informáticas, que empeoran as anteriores, que supoñen un atranco a hora de traballar, e que están a levar a múltiples atrasos e erros no recoñecemento das prestacións.
- * Un nova lexislación de prestacións que non cumpriu o obxectivo que politicamente se vendeu de simplificación. Todo o contrario está a enredar aínda máis. A isto hai que engadir que estamos a traballar con dúas lexislacións paralelas.

Dende a CIG faremos unha serie de concentracións de delegados diante das Direccións Provinciais do SEPE de A Coruña (3 de abril), Pontevedra (10 de abril), Ourense (23 de abril) e Lugo (30 de abril), para denunciar esta situación e esíxirlle ao SEPE que tome medidas urxentes para solucionar estes problemas e recuperar un servizo de calidade para a cidadanía.